



XUNTA
DE GALICIA

DOUTORAMENTOS INDUSTRIAIS

Programa para impulsar o talento,
o emprego e a mobilidade do
persoal investigador.

Descrición

O programa financia o desenvolvemento de **15 teses de doutoramento no ámbito empresarial**, baseadas en proxectos de investigación que impliquen unha colaboración efectiva entre unha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía e unha universidade do Sistema Universitario de Galicia (SUG).

O proxecto deberá estar orientado á **resolución das necesidades** da empresa ou centro de innovación e tecnoloxía.

A empresa ou centro será o responsable da contratación da persoa doutoranda.

Beneficiarios



Empresas e centros de innovación e tecnoloxía

Empresas e centros de innovación e tecnoloxía con sede en Galicia que desexen contratar persoal investigador para realizar un proxecto de investigación industrial en colaboración cunha universidade do SUG.



Universidades do SUG

Universidades que desexen participar na execución dun proxecto de investigación industrial ou de desenvolvemento experimental en colaboración cunha empresa ou centro de innovación e tecnoloxía en Galicia.

Obxectivos

01

Fomentar a transferencia de coñecemento e de resultados de investigación desde as universidades galegas ao mercado, en sectores de interese estratéxico para Galicia.

02

Captar, formar e reter talento, facilitando que o estudiantado de doutoramento desenvolva proxectos de investigación en empresas, ao tempo que poida obter un doutoramento industrial.

03

Favorecer a incorporación de persoal doutor novo ás empresas, creando novas saídas profesionais.

04

Fortalecer a vinculación entre as empresas e as universidades do SUG, promovendo a identificación das necesidades de innovación do tecido empresarial e o deseño de solucións por parte das universidades.



PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES
sede.xunta.gal

ORZAMENTO TOTAL DO PROGRAMA

2.625.000€



Intensidade da axuda e gastos subvencionables

• **Financiamento dun contrato laboral de ata catro anos** de duración, de acordo coa lexislación vixente.

Importe máximo anual:

- | | |
|-------------|-------------|
| 1. 24.600 € | 2. 24.600 € |
| 3. 25.200 € | 4. 30.600 € |

• **Gastos asociados á contratación e ao seguro** durante o período de estancia.

Complemento de **1.000 € anuais por axuda.**

• **Estancias** ata tres meses **no estranxeiro**, para a formación da persoa doutoranda.

Importe máximo: 6.000 €
(en función da zona de destino).

• **Outros gastos** relacionados co desenvolvemento do proxecto de doutoramento industrial: viaxes e dietas da persoa contratada, pequeno equipamento e material funxible, servizos tecnolóxicos externos e formación.

Importe máximo: 5.000 € anuais.



• **Gastos vinculados ao desenvolvemento do proxecto**
ata 10.000 € anuais

- | | |
|--------------------|-----------------------------|
| a. Matrícula | b. Dirección e titorización |
| c. Investigación | d. Servizos externos |
| e. Equipamento | f. Informática e formación |
| g. Viaxes e dietas | |

entre outros.



Requisitos específicos



O persoal investigador que se vaia contratar deberá **matricularse nun programa de doutoramento dunha universidade do SUG.**



As **universidades do SUG** deberán **designar a persoa directora académica** da tese.



O contrato deberá formalizarse con **persoal investigador predoutoral en formación** e terá unha duración non inferior a **24 meses**.



A axuda deberá ser solicitada por unha **empresa ou centro de innovación e tecnoloxía**, de acordo cunha universidade.



As empresas e os centros de innovación e tecnoloxía deberán designar unha persoa **responsable da tese na entidade**.



A data de finalización dos estudos de grao ou equivalentes deberá ser **igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2022**, coas **excepcións previstas na convocatoria**, nos casos en que poderá ser igual ou posterior ao **1 de xaneiro de 2019** (FSE, maternidade ou coidados, discapacidade, enfermidade grave ou outras situacións debidamente acreditadas).



Poderá presentarse **unha única solicitude por proxecto de investigación**.



Cada persoa só poderá ser presentada como candidata por **unha única empresa ou centro de innovación e tecnoloxía**.



**XUNTA
DE GALICIA**

TIPO DE CONVOCATORIA

Convocatoria competitiva da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

ORGANISMO XESTOR

Axencia Galega de Innovación

ORGANISMO FINANCIADOR

A Axencia Galega de Innovación financiará as empresas e centros de innovación e tecnoloxía, e a Secretaría Xeral de Universidades as axudas correspondentes ás universidades do SUG.

DIRECCIÓN E CONTACTO

Axencia Galega de Innovación
Rúa Airas Nunes s/n, 15702
Santiago de Compostela
axudastalentotransferencia.gain@xunta.gal
981 33 71 36 / 981 33 71 57 / 981 33 71 83

ORZAMENTO

2.625.000 €

TIPO DE APOIO

Axuda a fondo perdido

CÓDIGO DE PROCEDEMENTO

IN606D

DATA DE PUBLICACIÓN DOG

27 de febreiro de 2026

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

28 de febreiro ao
27 de marzo de 2026

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

sede.xunta.gal